

A mellora na calidade de vida dos veciños e veciñas de Abegondo supón un obxectivo absolutamente primordial das nosas accións de goberno.

A procura deste benestar para os máis novos, para os nosos maiores e, especialmente, para aqueles sectores da poboación que sofren situacións de desventaxe ou de necesidade, constitúe unha prioridade para nós e a primordial meta da Concellería de Servizos Sociais e Sanidade.

Fieis a eses principios, esta área municipal experimentou nos últimos anos un importante desenvolvemento e na actualidade dispoñemos dun equipo de profesionais que están a poñer en marcha unha rica oferta de programas e actividades dirixidas á poboación.

Esta publicación, a modo de resumo, pretende que todos os veciños coñezan mellor como poder aproveitar estes recursos que o Concello de Abegondo, en colaboración co resto das Administracións, está a poñer a disposición de todos.

Esperando que esta programación sexa do voso interese, só nos queda reafirmar o compromiso de seguir traballando na consecución deste importante obxectivo.



**José A. Santiso Miramontes**  
Alcalde do Concello de Abegondo

# Programa actividades servizos sociais

San Marcos,1 - 15318 ABEGONDO

Tels: 981 64 79 96 • 981 64 79 99

[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)



# Programa actividades servizos sociais

# horarios actividades

DÍA	ACTIVIDADE	CALENDARIO	HORA	LUGAR
Luns	ESCOLA DE BOLILLOS	DE OUTUBRO A XUÑO	18:30 h a 20:30 h	Centro da 3ª Idade
Martes	TALLER LECTOESCRITURA (Discapacitados)	DE OUTUBRO A XUÑO	12:00 h a 13:00 h	Aulas de Formación O Naranxo-Abegondo
	TALLERES OCUPACIONAIS (Discapacitados)	DE OUTUBRO A XUÑO	15:00 h a 17:00 h	Aulas de Formación O Naranxo-Abegondo
	BALNEARIO (2º martes de mes)	DE OUTUBRO A XUÑO	18:30 h a 20:30 h	Balneario
	PRESCOLAR NA CASA	DE OUTUBRO A XUÑO	16:15 h a 17:00 h (Grupo bebés) 17:00 h a 19:00 h (Grupo nenos/as)	Aulas de Formación O Naranxo-Abegondo
Mércores	AULAS DE MAIORES: TALLER DE MEMORIA	DE OUTUBRO A XUÑO	10:00 h a 11:30 h	Aula Multimedia do Concello
	OBRADOIROS PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA	AO LONGO DE TODO O ANO	A determinar	Aula Multimedia do Concello
	CAMPIONATO DE TUTE	DE OUTUBRO A XUÑO	15:00 h a 17:00 h	Centro da 3ª Idade
	CORO MUNICIPAL DA 3ª IDADE	TODO O ANO	19:00 h a 20:30 h	Centro da 3ª Idade

DÍA	ACTIVIDADE	CALENDARIO	HORA	LUGAR
Xoves	TALLERES CENTROS EDUCATIVOS Obradoiros Educando en Igualdade Obradoiros de Educación Sexual	AO LONGO DO CURSO ESCOLAR	A determinar cos centros educativos	Centros educativos
Venres	OBRADOIROS DE APOIO Á UNIDADE DE CONVIVENCIA	DE XANEIRO A DECEMBRO	A determinar	Aulas de Formación O Naranxo-Abegondo
Sábado	TALLER HABILIDADES DOMÉSTICAS (Discapacitados)	DE OUTUBRO A XUÑO	11:00 h a 13:00 h	Aulas de Formación Mabegondo
	SAÍDAS OCIO E TEMPO LIBRE (Discapacitados)	DE OUTUBRO A XUÑO	16:00 h a 21:00 h	Distintas localidades

## actividades puntuais

- Obradoiros monográficos.
- Viaxes.
- Xuntanza de Nadal.
- Xuntanza de Entroido.
- Baile do Magosto.
- Festa 3ª Idade.
- Encontro de Maiores en Arteixo.
- Obradoiros Preventivos.
- Charlas preventivas Educación para a saúde.
- Conmemoracións:
  - Xornadas Entre Mulleres. Marzo.
  - Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller. 25 novembro.
  - Día Mundial da loita contra a Sida. 1 decembro.
  - Día dos Dereitos Humanos. 10 decembro.
  - Día Internacional do Voluntariado. 5 decembro.

## outros servizos e programas

- **INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO:**  
Información, xestión e tramitación de axudas e programas de servizos sociais: (Prestacións económicas; Recoñecemento e revisión do grao de Minusvalía; Expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida; Xestión de Solicitudes de Valoración de Dependencia; Exención do Imposto de Vehículos de tracción mecánica, etc)
- **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:**  
Servizo de Axuda a Domicilio; Teleasistencia; Dispositivos de localización; Xantar na Casa, etc.
- **ATENCIÓN A MAIORES:**  
Programa de envellecemento activo, Talleres prevención da dependencia, Aulas de Maiores, Vacacións para maiores do IMSERSO; Turismo Social da Xunta (balnearios e viaxes); Termalismo do IMSERSO para maiores (estancias en balnearios); Abono Social, etc.
- **ATENCIÓN ÁS FAMILIAS:**  
Educación familiar; Servizo de Escola Infantil Municipal; Solicitudes de expedición de Títulos de Familia numerosa e carné familiar; Información Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia; Prestacións económicas por fillo menor a cargo, etc.
- **SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICO-SOCIAL:**  
Información e asesoramente sobre cuestións xurídicas e sociais. Asistencia gratuíta prestada por un avogado.
- **SERVIZOS COMPARTIDOS CO CONSORCIO AS MARIÑAS:**  
Gabinete Inserción Socio-Laboral e Asesoría Xurídica
- **OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR (OMIC).**
- **SERVIZO VOLUNTARIADO**